

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a lista provisional para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondente ao corpo de mestres, Orientación (597039).*

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

No *Diario Oficial de Galicia* número 113, do 14 de xuño de 2018, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B).

O artigo 13.f) da devandita orde establece que a ordenación da lista de Orientación realizarase pola data de acceso á primeira interinidade ou substitución dunha especialidade do corpo de mestres. No suposto de que dúas ou máis persoas interinas accedieran á primeira interinidade ou substitución na mesma data, se pertencen á mesma lista, a ordenación realizarase pola orde que posúan na dita lista e, no caso de que formen parte de distintas listas, a ordenación realizarase pola orde alfabética dos apelidos.

Por Orde do 24 de setembro de 2019 engádese unha disposición adicional á Orde do 7 de xuño de 2018 que dispón que, para os únicos efectos do establecido no artigo 13.f) da presente orde, considerárase a orientación unha especialidade do corpo de mestres (DOG n.º 182, do 25 de setembro).

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG n.º 20, do 31 de xaneiro), procede actualizar a lista de interinidades e substitucións correspondente á



Orientación (código 597039) nos termos que establece a base vixésimo quinta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, a base vixésimo quinta da citada Orde do 28 de xaneiro de 2022 e o artigo 13.f) da Orde do 7 de xuño de 2018,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e publicar na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas/> a lista provisional para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondente ao corpo de mestres, Orientación (597039), das persoas con dereito a incorporación á correspondente lista.

Segundo. Aprobar e publicar no Anexo I a relación provisional de persoas excluídas da lista indicada no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 con dereito a incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións á lista provisional ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), utilizando o procedemento ED001A, opción "Alegacións" da solicitude no corpo e especialidade correspondente, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación da lista definitiva, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

